

Pregón homenaxe
á gaita e ó gaiteiro
en Ribadulla

por Manuel Rico Vereá



Obradoiro de Gaitas Seivane

Pregón homenaxe á gaita e ó gaiteiro en Ribadulla

*Que o din en Ribadulla, que o din no mundo enteiro,
onde hai gaita hai gaiteiro e tamén tamborileiro
que percorren os camiños de Galicia e do estranxeiro.*

Amigos: Veño da Terra de Riba, onde nace o río Iso que trae as augas a este río de Ribadulla e, nesta viaxe, en compañía do “repoludo gaiteiro de pano sedán vestido, príncipe cumprido cariñoso e falangueiro” crucei ríos e carballeiras. Escoitei as mil melodías co “xentil, aposto e arrogante” gaiteiro, que no seu repenicado concerto, ía debullando polas verdes montañas, polas sagradas carballeiras, polos mil ríos desta terra, polos torreiros e santuarios de cada aldea desta nación de Breogán. “Co esforzado cabaleiro, de nobre e enxebre cruzada”, cantei e bailei muiñeiras, alboradas, fandangos, alalás e pandeiradas nas aldeas e nos soutos, nas chairas e nos vales ao son da súa gaita que toca e fai.

*De pau de buxo se fai roncón soprete e punteiro;
o fol faino o gaiteiro cun bo pelexo de cabra
ou pelexo de carneiro.*

Somos un pobo cantor e por iso desde o berce nos cantaron melodías e mensaxes transmitidas pola gaita e o gaiteiro de boca dos nosos:

*Tirulero miña gaita tirulero meu gaiteiro
agora que teño a gaita fáltame o tamborileiro.*

Somos un pobo contador de historias e, nos primeiros contos aprendidos na infancia, todos escoitamos aquel conto mínimo amolador e retranqueiro:

- ¿Queres que che conte un conto?*
- Quero.*
- Pois unha vez era un gaiteiro que ía polo monte...*
- ¿Queres que cho conte?*
- Si.*
- Pois xa cho contei.*

Todos sabemos das súas desventuras cotiás e festivas polo seu cantar:

*Perdiches o gorro no monte do Castro
por culpa do gorro andaches de arrastro;
porque da gaitiña moito hai que contar
cando vai para cama quere nadigar.*

É o protagonista por antonomasia da musa popular:

Romaría sen gaiteiro é coma barco sen remo e remo sen mariñeiro.

*Na mellor festa galega ten que lucir un gaiteiro
que tendo gaita e mozas non se precisa diñeiro.*

*Toca, gaiteiro toca, neniñas, correde a velo
que é moita gaita a gaitiña do gaiteiro de Soutelo.*

Como tocaba o gaiteiro de Soutelo, o gaiteiro de Ventosela, o gaiteiro da Carragosa, os Románs de Brates, os Garceiras de Melide, Carril de Arzúa, Cardelle de Boimorto, Manuel Texo de Ribadulla e todos os grandes gaiteiros anónimos deste país de tesouros e de encantos.

Gaiteiros, todos, tocade e cantade connosco:

*¡Porque así che mo pediron, cantarte hei sempre en galego!
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo.*

*¡Porque así che mo mandaron, cantarte hei sempre en galego!
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo
renega da súa historia e renega de si mesmo.*

*¡Porque é a fala que eu che teño, cantarte hei sempre en galego!
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo
renega da súa historia e renega de si mesmo
cambia o propio polo alleo, e o pantrigo por farelo.*

*Que o di a Constitución, que o di o pobo enteiro,
a lingua de Galicia sempre che foi o galego,
pró obreiro, pró labrego e mariñeiro, compañeiro.
pró obreiro, pró labrego e mariñeiro.*

*Que o di a Constitución, que o di o Estatuto
quen renega da súa lingua, renega do seu herdo
renega da súa historia e renega de si mesmo,
cambia o propio polo alleo e o pantrigo por farelo.*

*E o galego que non fala ou que cala
cando está na súa terra ou lonxe dela
non sabe o que ten de seu, nin dos seus
nin se é nado nunha terra, nin se é merecente dela.
Na súa lingua pensa e fala Portugal, ¡aínda queda Portugal!
Na súa lingua pensa e fala Inglaterra, ¡aínda queda a miña terra!
Na súa lingua pensa e fala o de Castela, ¡aínda teño a miña terra!*

*Na súa lingua pensa e fala o galego que é galego,
en Galicia, en Alemaña, en América ou Madrid,
por que si.*

*Na súa lingua pensa e fala o galego que é galego,
en Galicia, en Alemaña, en América ou Madrid,
por que si,
se non ¡vaite con aquel que é “galego coma ti!”.
se non ¡vaite con aquel que é “galego coma ti!”.*



Obradoiro de Gaitas Seivane

Volteiro, 1 - B

15650 CECEBRE - CAMBRE

A Coruña - España

Tel/fax: (+34) 981 676 656

obradoiro@seivane.es

www.seivane.es